

Materia / Módulo	Fundamentos e técnicas de análises bioquímicas	Curso / Ciclo	2º LDC
Profesor/a	J. J. Varela Abeledo		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1 ª A v a l i a c i ó n	<p>Unidade Didáctica nº 1: Métodos de análise bioquímica.</p> <p>Unidade Didáctica nº 2: Métodos fotométricos I.</p> <p>Unidade Didáctica nº 3: Métodos fotométricos II.</p> <p>Unidade Didáctica nº 4: Métodos fotométricos III.</p> <p>Unidade Didáctica nº 5: Métodos de separación.</p> <p>Unidade Didáctica nº 6: Electroquímica.</p> <p>Unidade Didáctica nº 7: Técnicas inmunoalóxicas. Instrumentación e métodos isotópicos.</p> <p>Unidade Didáctica nº 8: Osmometría.</p> <p>Unidade Didáctica nº 9: Técnicas de identificación de material xenético.</p> <p>Unidade Didáctica nº 10: Autoanalizadores.</p>
2 ª A v a l i a c i ó n	<p>Unidade Didáctica nº 11: Metabolismo hidrocarbonado.</p> <p>Unidade Didáctica nº 12: Metabolismo lipídico.</p> <p>Unidade Didáctica nº 13: Metabolismo proteico e produtos finais do metabolismo.</p> <p>Unidade Didáctica nº 14: Enzimoloxía diagnóstica.</p> <p>Unidade Didáctica nº 15: Equilibrio hidroelectrolítico e ácido-base.</p> <p>Unidade Didáctica nº 16: Estudo da función hepática.</p> <p>Unidade Didáctica nº 17: Estudo da función endocrina.</p> <p>Unidade Didáctica nº 18: Análise bioquímica de compostos especiais en líquidos biolóxicos. Tóxicos e fármacos.</p> <p>Unidade Didáctica nº 19: Estudo bioquímico da urina.</p> <p>Unidade Didáctica nº 20: Estudo das feces.</p> <p>Unidade Didáctica nº 21: Estudo do líquido seminal, cefalorraquídeo, sinovial e líquidos serosos.</p> <p>Unidade Didáctica nº 22: Estudo do líquido seminal, cefalorraquídeo, sinovial e líquidos serosos.</p> <p>Unidade Didáctica nº 23: Control de calidade no laboratorio de</p>

	diagnóstico clínico.
3 a A v a l i a c i ó n	

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

ACTITUDE	30%	
TRABALLOS	20%	:
PROBAS E EXÁMES	50%	

MÉTODO DE AVALIACIÓN

Avaliación Xeral:

- Instrumentos

Probas, traballos, prácticas de laboratorio, cadernos de prácticas, asistencia, puntualidade e actitude participativa.

O proceso de avaliación concrétase en: Avaliación inicial, avaliación formativa (durante o proceso de ensinanza-aprendizaxe do módulo) e avaliación sumativa (ao final do proceso de ensinanza-aprendizaxe do módulo).

Para a avaliación seguiranse os criterios de avaliación continua, tendo en conta que:

A asistencia, puntualidade e actitude participativa na clase e no laboratorio podería aportar ata un 30% da nota.

Os conceptos (contidos mínimos) de cada unidade que poderán ser valorados a través de probas escritas e/ou exames prácticos, podéndose mesmo realizar algunha proba oral se se estimar conveniente, poderán supor ata un 50% da nota. Dentro deste apartado convén subliñar que se há de prestar unha especial atención á valoración dos procedementos que deben dominar os/os alumnas/os dentro de cada unidade.

A realización do caderno de prácticas pode aportar ata un 10% sobre a nota final.

Ademais no caso de que o/a alumno/a realice algún traballo sobre o módulo, este se valorará positivamente podendo aportar ata un 10% sobre a nota final.

En todo o caso, no momento de realizar cada proba, informarase as/os alumnas/os de como se procederá á valoración da mesma.